

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 16 DE ABRIL DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de Técnico Deportivo en Salvamento de Socorrismo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2015.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego ao Concello de Parada de Sil (Ourense).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da administración de xustiza en Galicia para 2015, por importe de un millón setecentos trinta e oito mil seiscentos cincuenta euros con corenta e nove céntimos (1.738.650,49 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o texto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Verín para financiamento da redacción do Plan especial de protección e reforma interior do núcleo histórico e barrio de San Lázaro do Concello de Verín, por importe de cento dez mil trescentos trinta e oito euros con vinte céntimos (110.338,20 euros).



- Acordo polo que se autoriza o texto do Convenio de colaboración entre as Administracións das comunidades autónomas de Castilla – La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Aragón, Galicia e Asturias e a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para o establecemento das licenzas interautonómicas de caza e de pesca en augas continentais para todos os seus territorios, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Peroxa para o acondicionamento do centro cultural, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Galicia 2007-2013, por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), para o financiamento de Recursos de Información Científica en liña, por un importe total dun millón cento setenta e cinco mil setecentos quince euros (1.175.715,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), para que no ano 2015 se celebren reunións científicas e congresos, por un importe total de cento cincuenta e nove mil oitocentos doce euros (160.812 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do Programa Cheque infantil, e se procede á súa convocatoria. Importe total un millón setecentos tres mil noventa e un euros con cincuenta céntimos (1.703.091,50 euros).



- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, cofinanciado parcialmente co FSE, e se convocan para o ano 2015.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación dos tres plans de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a estratexia para a Convivencia Escolar de Galicia 2015-2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a tramitación do contrato de colaboración entre o sector público e sector privado para dispoñer dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de intervencionismo guiado por imaxe en cardiloxía no Servizo Galego de Saúde.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CURRÍCULO DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN SALVAMENTO E SOCORRISMO

- *O establecemento deste currículo facilitará a formación completa de profesionais neste eido, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade social e laboral no ámbito do salvamento e socorrismo*
- *A formación estrutúrase en módulos con correspondencia ás unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, o que favorece a inserción laboral dos titulados*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico Deportivo en Salvamento e Socorrismo.

O proxecto de decreto establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, regula o acceso ás ditas ensinanzas, así como os requisitos mínimos dos centros que as imparten. O establecemento deste currículo facilitará a formación completa de profesionais neste eido, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade social e laboral neste ámbito. Ademais, a formación estrutúrase en módulos con correspondencia ás unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, o que favorece a inserción laboral dos titulados.

Acceso e estrutura das titulacións

Para acceder ao primeiro nivel das ensinanzas de técnico deportivo en salvamento e socorrismo será necesario ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos, e superar as probas de carácter específico establecidas.

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo organízase en dous ciclos, o inicial de grao medio, cunha duración de 495 horas; e o final -tamén de grao medio-, unha duración de 600 horas. Cómpre destacar a inclusión de módulos de formación práctica de 150 horas no ciclo inicial e 200 horas no final, co fin de que o alumnado entre en contacto coa realidade do mundo laboral e o seu desempeño do seu labor neste. Ademais, o título ten como especializacións: o autosalvamento, salvamento e socorrismo adaptado, seguridade no ámbito natural, seguridade nas instalacións acuáticas, salvamento e socorrismo en probas de augas abertas, salvamento e socorrismo en probas de piscina.

As e os titulados poderán desenvolver a súa actividade profesional, tanto no sector público, como en entidades de carácter privado; en ocupacións como a de monitor/a



de salvamento e socorrismo, xuíz/a cronometrador/a, socorrista en piscinas, socorrista en parques acuáticos, socorrista en piscinas naturais, adestrador/a de salvamento e socorrismo, coordinador/a en escolas deportivas de salvamento e socorrismo, responsable de instalación acuática e/ou equipo de socorristas no medio ambiente, socorrista en praias marítimas, socorrista en praias fluviais, socorrista en lagos e encoros, socorrista de apoio de unidades de intervención acuática, socorrista en actividades acuáticas no ámbito natural, socorrista en actividades náutico-deportivas, ou árbitro/a auxiliar.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DA OPE DE 344 PRAZAS PARA DIVERSAS CATEGORÍAS DE PERSOAL ESTATUTARIO DO SERGAS

- ***A taxa de reposición que se aplica é do 50% das vacantes xeradas***
- ***Con este novo decreto, serán preto de 5.000 os novos profesionais que se incorporarán ás institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con vínculo de fixeza, desde o ano 2009***
- ***Resérvase unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas de discapacidade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da oferta de emprego público para o ano 2015 no que se fixan os recursos humanos que deben proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso e mediante promoción profesional, cunha oferta total de 344 prazas.

No que se refire a persoal licenciado sanitario, 72 correspóndense a facultativos especialistas de área de ata 16 especialidades; 42 médicos de familia de atención primaria; 6 médicos coordinadores e 2 médicos asistenciais da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061; e 4 odontólogos de atención primaria.

En canto a persoal diplomado sanitario e de formación profesional, 80 prazas son de persoal de enfermería; 6 de matronas; 6 de fisioterapeutas; 60 de auxiliares de enfermaría; e 26 técnico de farmacia.

Doutra banda, respecto ao persoal de xestión e servizos ofértanse 7 prazas de grupo técnico da función administrativa; 19 de persoal técnico superior en prevención de riscos laborais; 3 de técnicos de xestión e 5 técnicos especialistas de sistemas e tecnoloxías da información; e 6 traballadores sociais.

Ademais, como medida adicional, as prazas de médico de familia de atención primaria e de persoal de enfermaría acumularanse á oferta do ano 2013, o que permitirá convocar 82 prazas de médico de familia de atención primaria e 205 de persoal de enfermería.

Con carácter xeral, o 50% das que se convoquen en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna. Así mesmo, reservaranse unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas con discapacidade.



Taxa de reposición do 50%

Como novidade respecto das anteriores ofertas, a taxa de reposición que se aplica é do 50% das vacantes xeradas, incremento de taxa que foi solicitado pola Consellería de Sanidade e a Xunta de Galicia ao Ministerio de Facenda.

Con este novo decreto, serán preto de 5.000 os novos profesionais que se incorporarán ás institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con vínculo de fixeza, dende o ano 2009.

Obxectivos da OPE

Coa aprobación desta oferta dáse cumprimento aos obxectivos da planificación do emprego da estabilización de profesionais sanitarios, a eficiencia das políticas de recursos humanos e a eficacia na súa distribución territorial, a atención aos ámbitos e sectores da actividade sanitaria con necesidades específicas de dotación permanente de efectivos, e ao dimensionamento do volume de efectivos segundo as necesidades.

A nova oferta de emprego público avanza na mellora e modernización dos procesos de selección e provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos á tramitación dos procesos de selección fixa (*Fides/expedient-e*)

A incorporación de persoal fixo ás institucións sanitarias contribúe a acadar maiores niveis de eficacia, favorecendo a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos/as usuarios/as, e contribúe a unha xestión mais eficiente dos recursos públicos.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA DECLARAR MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO AO CONCELLO OURENSÁN DE PARADA DE SIL

- ***Parada de Sil, situado no corazón da Ribeira Sacra, conta na actualidade con numerosos monumentos singulares, con edificacións con gran valor etnográfico e unha rica paisaxe e natureza que actúan como impulsores da actividade turística, dotada das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento***
- ***Galicia conta así con 44 municipios turísticos nas catro provincias galegas, 10 deles na provincia de Ourense***
- ***A Ribeira Sacra acolleu o pasado ano a máis de 152 mil turistas, o que supuxo un incremento do 20% en relación a cifra de viaxeiros do 2013***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara municipio turístico ao concello de Parada de Sil, na provincia de Ourense. Galicia conta así con 44 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Parada de Sil, a provincia de Ourense conta con 10 Municipios Turísticos: Allariz, Celanova, O Carballiño, Leiro, Monterrei, Pobra de Trives, Nogueira de Ramuín, Ribadavia, A Veiga e Parada de Sil.

O Concello de Parada de Sil, situado no corazón da Ribeira Sacra, conta na actualidade con numerosos monumentos singulares: o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, situado entre castiñeiros centenarios no Cañón do Sil; a Necrópole medieval de San Vítor de Barxacova, datada entre os séculos IX e XI; a Ponte Medieval de Conceliños, os Petos de Ánimas, o de Teimende, Coutiño e Casa do Vento; os numerosos cruceiros que atesoura; as Mámoas das Chairas, unha necrópole formada por dúas mámoas; a Calzada Romana de Pradomao ou o Castro de Castro, entre outros.

Así mesmo, este concello ourensán conta con edificacións con gran valor etnográfico, como as Casas da Neve de Cabeza de Meda, o Foxo do Lobo, os Muíños de Entrambosríos, o Forno Saqueiros ou o Belén do Sr. José na Capela de San Ramón.

Ademais, no que se refire á paisaxe e á natureza destacan o Castiñeiro singular de Entrambosríos, declarado pola Xunta de Galicia "árbore de carácter singular", o Souto de Santo André e os viñedos de Pombar.

Todos estes aspectos son postos en valor e amplamente recoñecidos e actúan como impulsores da actividade turística que pola súa vez unha parte importante da economía da zona, dotada das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento.

Po todo isto, xunto cos informes favorables da Deputación Provincial de Ourense, as consellerías competentes e a área provincial de turismo, o Consello da Xunta considera



xustificados os requisitos establecidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, para os efectos da súa declaración como municipio turístico galego.

A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido. Non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar a citada declaración se deixasen de concorrer os requisitos e condicións conforme os cales se outorgou a distinción.

A Ribeira Sacra acolleu en 2014 a máis de 152 mil turistas

A Ribeira Sacra atrae cada ano miles de turistas experimentando unha subida constante na cifra de viaxeiros e pernoitas rexistradas nos seus establecementos hoteleiros.

Así, segundo os últimos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística, o pasado ano foron máis de 152 mil os viaxeiros que se aloxaron nos establecementos hoteleiros deste marabilloso lugar. Isto deu como resultado que se incrementase un 20% a cifra de viaxeiros do 2013.

As pernoitas tamén aumentaron nun 18% o pasado ano, ata situarse en máis de 229 mil. Esta mellora produciuse como consecuencia do bo comportamento rexistrado tanto polo turismo nacional que se incrementou nun 18% como polo internacional que neste caso rexistrou un aumento do 20%.



XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR RENOVAN UN ANO MÁIS A SÚA COLABORACIÓN NA SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- **Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía**
- **O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina en 2015 un total de 1,7 millóns de euros para que 203 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de Xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste último caso cun mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no Corpo e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de Xustiza de Galicia.

No convenio, fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 203 efectivos: 81 membros do CNP e 122 gardas civís en situación de reserva. Dos 81 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 72 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e o novo edificio xudicial, 9 para o edificio dos xulgados da Parada de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 122 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 52 estarán na Unidade de protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña - 18 na Coruña, 9 en Santiago, 5 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-; 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-; 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 en Pobra de



Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo e 2 en Verín- e 32 efectivos na Comandancia de Pontevedra – 5 na Audiencia Provincial, 3 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 3 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 3 para Tui-.

Doutra banda, o convenio tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas do día en servizo permanente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 07.30 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso os sábados o horario será de 09.00 a 14.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 9,30 a 14,30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada, de luns a venres, de 7.30 a 15.00 horas.

Efectivos que realizarán en 2015 as funcións de vixilancia e protección das sedes xudiciais galegas (203 funcionarios)

1. Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade (81 funcionarios)

Equipo de mando (9 funcionarios)

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

Escala básica (72 funcionarios)

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e novo edificio xudicial): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios



- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)

Cadro de mando (10 efectivos)

- 1 coronel (*nivel autonómico*)
- 4 capitáns (*nivel provincial*)
- 5 suboficiais (*nivel provincial*)

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos)

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 18 efectivos
- Santiago de Compostela: 9 efectivos
- Betanzos: 5 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos)

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos



Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos)

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (32 efectivos)

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- Estrada (A): 3 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Pontearreas: 2 efectivos
- Tui: 3 efectivos

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE VERÍN NA REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA DO NÚCLEO HISTÓRICO E DO BARRIO DE SAN LÁZARO

- ***O Consello da Xunta deu o visto e prace á formalización desta colaboración que implica un investimento de máis 100.000 euros***
- ***O Goberno galego velará porque este desenvolvemento urbanístico se realice de acordo cos obxectivos de harmonización establecidos no proxecto de cooperación transfronteiriza que representa a Eurocidade Verín-Chaves***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Verín para o financiamento da redacción do Plan especial de protección e reforma interior do núcleo Histórico e do Barrio de San Lázaro (PEPRICH). En virtude desta colaboración, a Consellería de Medio Ambiente destinará un total de 110.338 euros.

Ambas administracións consideran que o proceso de formación do Plan especial debe realizarse coordinadamente entre estas, a través da colaboración na elaboración do planeamento e coordinación no exercicio das súas competencias respectivas e considerando as especiais circunstancias que concorren na redacción e tramitación do documento, unidas á complexidade de redactar un plan especial.

Unhas das razóns que xustifican a necesidade de establecer esta colaboración é o feito de que o Concello de Verín ten unha situación privilexiada na estratexia de cooperación coa cidade transfronteiriza de Chaves, en Portugal. Entre ambas as cidades forman unha Eurocidade con personalidade xurídica propia que ten entre os seus obxectivos a harmonización e a compatibilidade de instrumentos de xestión do territorio, que deben ser especialmente protexidos e potenciados fomentando un equilibrio territorial e reducindo o risco de usos distintos ou planificacións asimétricas que dificulten a ordenación da eurocidade como único territorio. Entre os instrumentos destacan os plans de ordenación urbanística, normativas e plans específicos, desenvolvemento do termalismo e do auguismo, imaxe de marca territorial arredor da auga, á saúde e do benestar.

Por outra banda, a Xunta de Galicia ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo entre as que se atopan, en relación cos plans especiais, a emisión do informe perceptivo e vinculante, no que se refire ao control da legalidade e tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

O municipio de Verín conta na actualidade cun Plan xeral de ordenación municipal aprobado en decembro de 2012; neste documento xa se recollía a necesidade de



redactar un plan especial de protección e reforma interior para o Núcleo Antigo e o Barrio de San Lázaro.

O Núcleo Antigo de Verín sofre certa degradación motivada polo desprazamento da centralidade urbana e envellecemento da poboación; o patrimonio en proceso de deterioración e deficiencias en infraestruturas urbanas como dotacións, equipamentos e problemas de accesibilidade e mobilidade e a falla de condicións de habitabilidade e de actividade comercial.

O centro histórico, orixe e epicentro da vila, contén os sinais de identidade -as prazas, a configuración das rúas e edificacións, a composición das fachadas e os materiais empregados nas rúas-, e marca a evolución da vila ao longo do tempo.

A conservación e revitalización do Patrimonio debe estar profundamente conectada cunha acción de rehabilitación que comprenda non só os medios e procedementos arquitectónicos e técnicos, senón tamén a creación de servizos sociais e culturais adecuados, de modo que se chegue a garantir un equilibrio entre a parte antiga e a moderna.



GALICIA E OUTRAS SEIS COMUNIDADES ASINARÁN UN CONVENIO PARA A POSTA EN MARCHA DE LICENZAS INTERAUTONÓMICAS DE CAZA E PESCA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do convenio que a Xunta asinará cos gobernos de Castilla- La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Aragón, Asturias e a Administración xeral do Estado***
- ***A emisión destas licenzas interautonómicas evitará que os cidadáns teñan que repetir os mesmos trámites e xestións administrativas en cada comunidade autónoma onde desexen realizar estas actividades***
- ***O titulares da licenza única interautonómica poderán exercer o seu dereito no territorio de calquera das comunidades autónomas asinantes, respectando a lexislación vixente en cada unha delas***
- ***As autorizacións interautonómicas convivirán coas licenzas autonómicas que habilitan para realizar estas prácticas en Galicia***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o texto do convenio de colaboración entre as administracións das comunidades autónomas de Castilla- La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Aragón, Galicia e Asturias e a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para o establecemento das licenzas interautonómicas de caza e de pesca en augas continentais para todos os seus territorios.

Este convenio persegue fundamentalmente a simplificación do procedemento administrativo para a emisión das licenzas administrativas preceptivas para o exercicio da caza e da pesca nas distintas comunidades autónomas. A harmonización nun único documento evitará que os cidadáns teñan que repetir os mesmos trámites e xestións administrativas en cada comunidade autónoma onde desexen realizar estas actividades, á vez que isto redundará nunha maior eficacia administrativa e eficiencia do gasto en cada unha das administracións que subscriben o convenio.

Actualmente, os cidadáns que queiran practicar a caza ou a pesca nos territorios de máis dunha comunidade autónoma, deben obter a licenza administrativa correspondente para cada actividade en cada unha das comunidades.

Coa proposta incluída neste convenio de colaboración, os titulares da licenza única interautonómica poderán exercer o seu dereito no territorio de calquera das comunidades autónomas asinantes, respectando, en todo caso, a lexislación vixente en cada unha delas. Isto supón unha significativa simplificación dos procedementos administrativos, o que redundará, por un lado, nos propios cidadáns, e permitirá, por outro, a optimización na xestión e no emprego dos recursos públicos.



O convenio terá efectos desde o día da súa sinatura e permanecerá vixente por un período de dez anos contados desde a data da sinatura. Poderán establecerse prórrogas automáticas por iguais prazos, salvo renuncia das partes. A validez da licenza interautonómica de caza ou de pesca en augas continentais será dun ano, contado a partir do día da súa expedición.

As autorizacións interautonómicas convivirán coas licenzas autonómicas que habilitan para realizar estas prácticas en Galicia.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 160.000 EUROS AO ACONDICIONAMENTO DO CENTRO CULTURAL DA PEROXA, EN OURENSE

- ***A actuación ten como finalidade que os cidadáns da zona dispoñan dunhas instalacións de carácter sociocultural axeitadas á oferta cultural***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Peroxa para levar a cabo obras de acondicionamento do Centro Cultural deste concello da provincia de Ourense.

Segundo o texto do convenio que se asinará proximamente, o departamento que dirixe Román Rodríguez, financiará cun total de 160.000 euros o importe íntegro das obras. Este acordo enmárcase dentro do obxectivo da Consellería de Cultura e Educación de que os cidadáns dispoñan de instalacións de carácter sociocultural que permitan unha axeitada oferta e respondan, por tanto, ás súas necesidades no eido cultural.

As actuacións a realizar inclúen traballos de mellora na estrutura e na cuberta, saneamento, xestión de residuos, pavimentos e alicatados, obras de illamentos e impermeabilizacións, carpintería, pintura e urbanización do contorno e mobiliario, entre outros. Unha vez rematadas as obras, os cidadáns da Peroxa –encravado na Ribeira Sacra- van contar cun espazo coas condicións óptimas para gozar da oferta cultural que ofrezca o propio Concello e tamén a Xunta de Galicia.

A actuación está cofinanciada polo fondo europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2001-2013, que establece medidas dirixidas ao desenvolvemento sostible local e urbano, tales como a creación e mellora de infraestruturas culturais entre os que se atopan os centros culturais.

Trátase, en definitiva, de deseñar actuacións dirixidas a cubrir as necesidades dos distintos concellos e localidades de Galicia a fin de asegurar o acceso á cultura en igualdade de condicións e garantir que as infraestruturas culturais sexan operativas e respondan ás demandas sociais da poboación.



CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS A FACILITAR O ACCESO DOS INVESTIGADORES DO SUG AOS RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA E ÁS NOVAS AXUDAS PARA CONGRESOS

- ***O Consello aprobou hoxe a renovación das colaboración co Consorcio de Bibliotecas de Galicia e a esta liña específica a celebración destes eventos nas universidades galegas***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará máis de 1,3 millóns de euros a facilitar o acceso dos investigadores dos Sistema Universitario de Galicia (SUG) a recursos de información científica en liña, así como a unha nova liña específica de axudas para que as 3 universidades públicas galegas celebren reunións científicas e congresos.

Para iso, o Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración da Consellería co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia), que recibirá este ano da Xunta 1.175.715 euros, á espera aínda de que se concreten as cantidades derivadas das axudas á consolidación de grupos de investigación, coas que tamén se financian as subscricións de cada universidade ás publicacións electrónicas. Desta forma o departamento educativo da Xunta de Galicia mantén o mesmo nivel de compromiso orzamentario que en anos anteriores, co obxecto de facilitar aos investigadores galegos o acceso inmediato e universal aos recursos de información científica en liña sen diminuír o número das publicacións accesibles.

A través da colaboración con Bugalicia, e a través dos servizos e recursos do Consorcio, porase á disposición dos investigadores un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e e-books. Búscase favorecer así o acceso á produción científica que se está a xerar, dentro e fóra, poñendo á disposición dos investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.

Impulso aos congresos

No caso da subvencións para a organización de congresos, o orzamento total previsto para a liña de axudas é de 160.812 euros, que se poderán destinar a gastos de desprazamento, aloxamento e retribución dos conferenciantes, aos do material de traballo e de promoción e difusión (dossieres, carpetas, creación e xestión de páxinas web,...) e aos de tradución simultánea.

O obxectivo desta nova actuación de soporte ao SUG é favorecer o desenvolvemento de grandes eventos destas características, tanto polas oportunidades académicas que ofrecen como para favorecer, entre outros aspectos, os beneficios do turismo de congresos en Galicia e o prestixio das universidades que organizan os congresos.



BENESTAR DESTINA MÁIS DE 1,7 MILLÓNS AO CHEQUE INFANTIL PARA FINANCIAR MÁIS DE 1.100 PRAZAS DE 0-3 ANOS NO CURSO 2015/2016

- *Terán como prioridade, como en anos anteriores, aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado e, como novidade, establécense tamén como preferentes os solicitantes de concellos sen oferta de escolas infantís*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que permitirá ás familias contar cunha axuda para acudir a calquera escola infantil privada que escollan*
- *A contía que percibirán os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas*
- *Este ano vanse manter os prazos de presentación de solicitudes cos do ano pasado, co obxectivo de que as resolucións estean listas no mes de xullo*

A orde do cheque infantil estará dotada no curso 2015-2016 cun orzamento de máis de 1,7 millóns de euros. Con este investimento poderanse financiar máis de 1.100 prazas de 0-3 anos en escolas infantís privadas destinadas a aquelas persoas que non resultasen adxudicatarias dunha praza pública, ou ben para aquelas familias que residen nunha localidade na que non existen instalacións sustentadas con fondos públicos.

Terán prioridade –como en anos anteriores- aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, sempre e cando sigan cumprindo os requisitos da orde, e, como novidade, establécese tamén prioridade na obtención da axuda para aqueles solicitantes de concellos onde non exista ningún centro sostido con fondos públicos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012. Desde ese curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan os seus fillos, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios só podían acceder unha praza nalgún das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención.

Esta nova forma de aboamento da axuda permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

A contía que se percibirá varía en función da renda e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número total de beneficiarios –que adoita ser de 1.000 aproximadamente- pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas. Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes



circunstancias, sempre que sexan xustificadas: pasar a situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

No acceso ás axudas, os requisitos que hai que cumprir son principalmente dous: ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2012 e non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas ou entes privadas que, en concorrencia coa regulada nesta orde, supere o custo da praza.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultaran adxudicatarios, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidades onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sustentadas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sustentadas con fondos públicos aquelas dependentes directamente da rede da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego. Este ano, vanse manter os mesmos prazos de presentación de solicitudes cos do ano pasado, co obxectivo de que se consoliden esas datas para que as familias poidan ter unha previsión dos prazos anuais da convocatoria e de que as resolucións estean listas no mes de xullo. O prazo de inscrición abrírase a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (DOG), que se prevé para finais de mes.

Aposta polas escolas infantís

Esta orde de axudas vén complementar a orde de financiamento das escolas de iniciativa social que foi publicada no DOG o pasado mes de xaneiro. Esta convocatoria destina en 2015 máis de 3 millóns de euros para manter unhas 2.700 prazas en escolas infantís, ás que agora sumaranse as que sexan financiadas polo cheque infantil.

A aposta do Goberno galego polos centros de 0-3 anos reflíctese tamén no aumento da rede propia que leva realizando a Xunta nos últimos anos, e que ten marcado como obxectivo para esta lexislatura.

Desde 2009 puxéronse en funcionamento 3.800 prazas a través da rede autonómica A Galiña Azul. Isto supón un 70 por cento de incremento con respecto ás que había en 2009, tendo en conta as novas prazas de 0-3 anos que se ofertarán para o próximo curso escolar 2015-2016. A partir do mes de setembro a oferta será de 9.294 prazas en 159 escolas.



Ademais, a partir do curso 2015-2016 poranse en marcha 500 novas prazas públicas a través da fórmula do concerto en escolas infantís privadas das sete grandes cidades.

Por último, e grazas ao esforzo da Xunta, é preciso destacar que, por primeira vez, se ten alcanzado en Galicia a ratio de 33 prazas públicas por cada 100 nenos e nenas en idade de acceso a unha escola infantil, que recomenda a Unión Europea. A oferta de prazas públicas sustentadas con fondos autonómicos complétase coas escolas municipais, as escolas dependentes de entidades de iniciativa social e doutras entidades e máis de 1.000 prazas de cheque infantil, acadando un total de preto de 20.500 prazas sostidas con fondos públicos á disposición das familias galegas.



TRABALLO INVISTE MÁIS DE UN MILLÓN DE EUROS NO FOMENTO DO COOPERATIVISMO A TRAVÉS DE ASOCIACIÓNS, CONCELLOS E ENTIDADES DA REDE EUSUMO

- ***Esta iniciativa forma parte da aposta do Goberno galego polo cooperativismo, un eido ao que está a destinar este ano máis de 4,8 millóns de euros***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar priorizará este ano, como novidade, as propostas dirixidas á inclusión social e laboral de persoas en risco de exclusión***
- ***Na actualidade hai máis de 1.200 cooperativas activas na Comunidade, que superan os 90.000 socios e xeran máis de 21.000 postos de traballo***
- ***Así mesmo, anualmente créanse máis de medio centenar de novas sociedades baixo esta fórmula empresarial, que ten experimentado na Comunidade Autónoma un crecemento progresivo nos últimos anos***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de un millón de euros para unha orde de axudas que inclúe tres programas diferentes destinados a fomentar o cooperativismo. O Consello da Xunta acaba de aprobar hoxe esta actuación do Goberno galego, que se estrutura en tres programas: o primeiro para o fomento e consolidación de cooperativas e sociedades laborais; o segundo para concellos e entidades locais; e, o terceiro, posto en marcha de maneira innovadora o ano pasado, para incentivar a efectiva participación na Rede Eusumo de entidades sen ánimo de lucro, fundacións e asociacións, cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

Como novidade, este ano priorizaranse as propostas dirixidas á inclusión social e laboral de persoas en risco de exclusión no primeiro e no terceiro programa. Todas estas accións deberán estar executadas antes do 30 de setembro de 2015.

En canto ás entidades sen ánimo de lucro, fundacións e asociacións, cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais xa adheridas á Rede Eusumo, trátase de apoiar estes organismos para a realización de actividades para a promoción do cooperativismo e a economía social.

Deste xeito, poderán recibir o 80 por cento dos gastos para a realización de actividades, unha axuda que non poderá exceder os 6.000 euros por beneficiario. Entre as actuacións que se poderán subvencionar, destacan actividades divulgativas, formativas e de asesoramento, especialmente as que estean encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo a través desta Rede, que puxo en marcha o departamento autonómico en 2012 para promover o cooperativismo.

O segundo programa está destinado a incentivar a participación dos concellos e outras entidades locais de Galicia (áreas metropolitanas, mancomunidades, consorcios locais



e agrupacións dun mínimo de catro concellos dunha mesma zona) na promoción do cooperativismo, subvencionando os gastos derivados da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como a realización de actividades.

Subvencionarase, en concreto, a creación dunha soa oficina por beneficiario, que deberá integrarse na Rede Eusumo. Tamén se financiará a contratación de persoal técnico asesor en materia de fomento cooperativo a tempo completo cunha contía máxima de 2.000 euros e o alugamento de locais con ata 250 euros ao mes.

A contía máxima por beneficiario non poderá exceder os 28.000 euros, un límite que poderá incrementarse ata os 37.600 euros por concello adicional a partir de catro. A execución das accións deste programa deberán estar realizadas antes do 30 de setembro de 2015.

Asociacións cooperativas

O último programa que inclúe esta convocatoria de axudas da Consellería de Traballo e Benestar está dirixido ao fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

A través desta actuación subvenciónase parcialmente os gastos normais de funcionamento destes organismos con contías máximas por beneficiario de 150.000 euros; a realización de actividades de promoción ou procesos formativos de persoal, así como a elaboración de proxectos de intercooperación e o desenvolvemento de actividades de emprendemento realizadas en rede de carácter informativo, formativo ou de asesoramento encamiñadas a fomentar o cooperativismo a través da Rede Eusumo con axudas de ata 200.000 euros por beneficiario. Todas estas accións deberán estar executadas antes do 30 de setembro de 2015.

Fomento do cooperativismo

A través desta iniciativa apóiase o fomento do cooperativismo que ten demostrado que é unha fórmula empresarial que está a resistir á crise. Neste senso, cómpre salientar que nove de cada dez cooperativas constituídas desde 2008 aínda seguen en marcha en Galicia nun contexto de dificultade económica.

Desde 2009 creáronse 324 cooperativas na Comunidade, que contan con máis de 5.000 socios. Na actualidade hai máis de 1.200 cooperativas activas na Comunidade, un 10% máis que nesa data, que superan os 90.000 socios e xeran máis de 21.000 postos de traballo.

Así mesmo, anualmente créanse máis de medio centenar de novas sociedades baixo esta fórmula empresarial, que ten experimentado na Comunidade Autónoma un crecemento progresivo nos últimos anos.



O PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA DA XUNTA AVANZA CON PRETO DE 600 MEDIDAS DE MELLORA E 60 MILLÓNS DE AFORRO

- ***Ao abeiro dos tres plans de racionalización suprimíronse 65 organismos públicos, aos que lles hai que sumar seis máis executados a través de procesos paralelos***
- ***Actualmente o Goberno galego está inmerso no terceiro Plan, que en tan só cinco meses acadou seis millóns de aforro e superou sobradamente as previsións iniciais***
- ***Galicia será a primeira comunidade en completar un proceso global de reestruturación da administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos***
- ***Ao final deste 'macroproceso', a Xunta terá suprimido 96 organismos e optimizado outros 64 grazas a introdución de importantes melloras de eficiencia***

O Consello da Xunta informou do grao de execución do Plan de racionalización da Administración paralela, que ata o momento leva 65 organismos públicos suprimidos e 591 medidas de eficiencia implantadas ou en proceso nos entes que seguen funcionando. É de destacar que case o 30 por cento destas medidas de mellora -167- corresponden ao terceiro plan, que se iniciou hai apenas cinco meses.

Desde o primeiro destes plans, o Goberno galego quixo facer especial fincapé nestas medidas de optimización e mellora; recomendacións que inciden en ámbitos como o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Como resultado de todas estas medidas de racionalización da administración instrumental autonómica, a día de hoxe a Xunta ten acadado un aforro para as arcas públicas galegas de preto de 60 millóns de euros. Increméntanse en mais de dous millóns os aforros acadados ao abeiro do II Plan, e case seis millóns son aplicables ao terceiro plan, que botou a andar o pasado mes de setembro, polo que todo apunta a que as previsións de aforro iniciais -6,5 millóns para todo o terceiro plan- se superarán con creces.

Segundo se recolle do informe presentado esta mañá, o número de entes suprimidos ao abeiro dos tres plans de racionalización ascende a 65, dos cales 47 son fundacións, 10 sociedades mercantís, 6 consorcios, unha entidade de dereito público e o último un organismo autónomo. A estes habería que engadir outras seis operacións que foron executadas a través de procesos paralelos, polo que xa hai 71 entidades dadas de baixa nestes momentos.

No marco da primeira fase de actuacións xa foron suprimidos a Fundación Milenio, a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais, a Fundación Galicia Emigración, a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial



e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, a Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (Cetil), o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Axencia Humanitaria de Galicia, ACEOUSA (Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.) e as 34 fundacións para o desenvolvemento comarcal. A isto engádesse a separación da Xunta de Sogasero e a refundición do Bantegal cuxas funcións xa están sendo asumidas por Agader.

Os organismos extinguidos na segunda fase do Plan de racionalización son o Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (Igaci); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (Ceei Galicia); a Fundación Centro Galego do Plástico; o Consorcio Audiovisual de Galicia; o Consorcio Galicia 2005 Volta ao mundo a vela; a Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; a Fundación Mar de Galicia; o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga); o Consorcio Instituto de Estudos Turísticos; a Sociedade de Imaxe e Producción Turística S.A. (Turgalicia); os Xestur da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e os consorcios comarcais de bombeiros do Morrazo, O Salnés e Baixo Miño, O Condado e Louriña.

Dentro da terceira fase do plan xa causou baixa a Fundación Illa San Simón, que desapareceu con anterioridade da posta en marcha deste, ao tratarse dun mandado normativo incluído no decreto de estrutura orgánica da Xunta. As súas funcións están sendo asumidas directamente pola Consellería de Cultura.

Galicia, á cabeza da racionalización

A racionalización da Administración paralela iniciouse en 2009 como un proceso de supervisión e mellora continua que situou a Galicia á cabeza dos esforzos autonómicos nesta materia. Na actualidade estase inmerso na terceira fase do Plan, que recolle a supresión de 13 entes e a continuidade doutros 19 que serán sometidos a recomendacións de melloras para ofrecer un servizo de maior calidade aos cidadáns.

En canto se complete a execución desta terceira fase, Galicia converterase na primeira comunidade autónoma de España en completar un proceso global de reestruturación da súa administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Ao final deste 'macroproceso' -que comprende os tres plans de racionalización activados e algunhas operacións puntuais de axuste realizadas fóra deles- a Xunta terá suprimido 96 organismos en total e outros 64 terán sido optimizados, despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna.



Ademais, a Xunta comprometeuse a facer do proceso de racionalización unha garantía de permanencia e mellora continua e por iso a propia Lei de racionalización do sector público autonómico, que entrou en vigor o ano pasado, incorpora a obriga de realizar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da Administración xeral como da instrumental.



A XUNTA ABORDARÁ CUNHA ESTRATEXIA INTEGRAL A CONVIVENCIA NOS CENTROS PARA A MELLORA DO CLIMA ESCOLAR EN GALICIA

- ***A reunión semanal do Goberno galego analizou hoxe un informe sobre esta nova iniciativa, que procura servir como folla de ruta para a aplicación da normativa nesta materia ata 2020***
- ***O obxectivo é que todos os axentes implicados na protección dos menores participen no desenvolvemento de 'educonvives.gal'***

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a 'Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020, educonvives.gal', unha folla de ruta que pretende guiar e abordar desde un punto de vista integral no próximo quinquenio a aplicación da normativa publicada neste eido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Malia que en Galicia non existe un problema de convivencia, o Goberno galego busca garantir un bo clima nas aulas, consciente de que se trata dun factor imprescindible para a mellora da calidade educativa, para garantir o éxito escolar e para facilitar o labor docente. O obxectivo desta estratexia é, polo tanto, fornecer o profesorado, nais, pais e equipos directivos -fundamentalmente- dunha serie de recursos que lles permitan abundar na mellora da convivencia escolar e desde a óptica integral e inclusiva. Nesta liña búscase facilitar orientacións para actuar con rapidez diante de eventuais situacións problemáticas para a convivencia, así como a súa prevención a través de formación en materia de saúde, identidade de xénero, identidade dixital - uso de redes sociais, etc-, ou loita contra o racismo e a xenofobia.

A nova iniciativa centra a atención na formación e coordinación de todos os axentes implicados – profesorado, familias, docentes, alumnado, outras institucións...- e na difusión de boas prácticas e casos de éxito para a mellora do clima de aula en Galicia. Así mesmo, establece a diagnose da situación de convivencia – actualmente con mínima incidencia na nosa Comunidade- a través dunha enquisa específica, que se irá actualizando co establecemento dunha recollida de datos rutinaria; así como a creación dun fondo documental especializado neste eido e de modelos normalizados que permitan axilizar a tramitación das posibles situacións de conflito.

Este documento será o primeiro que avalíe o Consello para a Convivencia Escolar de Galicia que, tras a súa creación ao abeiro do decreto polo que se desenvolve Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, se constituirá nas próximas semanas. Neste sentido a Estratexia prevé potenciar o papel vertebrador deste órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire a esta materia, en especial, no que atinxe á colaboración con outras administracións implicadas na tarefa de mellorar o clima das aulas. De feito, entre outras entidades e expertos, estarán representadas neste consello as consellerías de Sanidade, Traballo e Benestar e Cultura e Educación.



Diagnose e difusión das boas prácticas

A Estratexia parte da necesidade de abordar a mellora da convivencia desde tres niveis, social, institucional e persoal; desde o que se presenta unha estrutura de 5 eixos. O primeiro deles céntrase na diagnose e seguimento, a través da difusión de documentos de recollida de datos entre os diferentes sectores da comunidade educativa, unha información da que despois disporá de forma individual cada centro para elaborar os seus propios plans de convivencia, e o devandito Consello para fixar metas e obxectivos a nivel autonómico. A enquisa - que será censal para todo o alumnado de ensino obrigatorio, postobrigatorio, de adultos e de réxime especial, a partir de 5º de Primaria- será a máis completa de España nesta materia.

Unha vez realizado este estudo, está previsto establecer procesos e ferramentas de avaliación continua que permitan a monitorización e mellora permanente do clima nas aulas, tanto incluíndo este punto nos Documentos de Recollida de Datos (DRD) dos centros, como a través de enquisas regulares.

Pola súa parte o eixe 2 pretende impulsar a investigación nesta materia, así como a difusión de casos de éxito e boas prácticas como exemplos para a prevención e para a actuación diante de conflitos, ben a través da elaboración de materiais que os recollan, ben mediante o intercambio de experiencias.

Neste sentido potenciarase tamén a potenciación da formación dos docentes no marco do Plan anual de formación do profesorado e dos plans de formación e centros que teñan como obxectivo abordar a convivencia vinculándoa directamente á calidade educativa.

Apoio á comunidade educativa

O terceiro eixe da estratexia céntrase no apoio aos centros e á comunidade educativa. Por unha banda, está previsto crear e manter un fondo documental e de asistencia xurídica en materia de convivencia, conformado por normativa, estudos, traballos de investigación... ao respecto. Neste mesmo punto apoiarán os centros na xestión e protección dos datos persoais, cuestión clave para previr situacións de risco de acoso e ciberacoso.

Ademais, promoverase a creación de protocolos – normativos e orientativos- que, no marco da autonomía dos centros, favorezan a abordaxe das diferentes situacións de conflito. A maiores do xa existente Protocolo de acoso escolar e ciberacoso elaborado pola Consellería de Cultura e Educación, difundirase información sobre aspectos básicos de identidade dixital ou para a actuación fronte ás condutas dos implicados nas situacións problemáticas. Así mesmo, afondarase na colaboración cos servizos de menores e outras institucións.



No marco deste mesmo eixe, prestarase orientación aos centros para a elaboración de cadanseu plan de convivencia, así como formación en materia de saúde, para garantir a igualdade de xénero, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e para a prevención do racismo e a xenofobia. Tamén se proporcionará información para a xestión da convivencia en espazos como o transporte, o comedor ou os recreos.

Unión de forzas

O cuarto dos eixes da Estratexia ten como obxectivo as vertebracións das iniciativas e accións comunitarias encamiñadas á mellora da convivencia escolar. Así, ademais do papel do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia para promover a unión de forzas, ofreceránselle á comunidade educativa estratexias e recursos para garantir a colaboración e coordinación entre as familias e os centros.

Para iso fomentaranse e apoiaranse as Escolas de Nais e Pais –e mesmo a constitución dunha rede que as vincule-, así como a relación entre os centros e as institucións do seu contorno que desenvolven iniciativas en prol da mellora do clima nas aulas. Así mesmo achegaranse orientacións aos centros para a posta en marcha de estratexias e protocolos coas familias, tanto na prevención como na formación continua e na acción tutorial; e estableceranse marcos multisectoriais nos que os diferentes membros da comunidade escolar poidan compartir reflexións e formarse de xeito integrado.

Abordaxe de conflitos

No caso de que as actuacións de prevención non desen resultado e se producise un conflito, a Estratexia reserva o seu quinto eixe para orientar a abordaxe destas situacións dunha forma sistemática, aséptica e normalizada. Neste sentido, facilitarase a xestión de expedientes e de medidas correctoras mediante o fornecemento dunha guía de modelos de xestión e documentos orientativos, normalización de modelos de coordinación cos servizos sociais e outros axentes implicados na protección dos menores, entre outras accións.

A maiores, está previsto potenciar a mediación escolar mediante o establecemento dunha rede de mediación, con formación de alumnado e profesorado na teoría e práctica da mediación e na resolución conciliada de conflitos.

Implicación e cronograma

Segundo indica o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, esta estratexia integral persigue a implicación de todos os axentes inmersos na convivencia e na mellora do clima escolar, nomeadamente alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos, familias, ANPA, servizos sociais e de benestar, servizos de saúde, forzas e corpos de seguridade do Estado e xulgados de menores, tecido



asociativo e outros servizos municipais e comunitarios dependentes da Xunta de Galicia.

A través do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia concretarase un cronograma de posta en marcha dos diferentes eixes e estableceranse indicadores de logro que permitan o seguimento e avaliación da Estratexia, de forma que poida reforzarse ou dar conta dos seus froitos.



SANIDADE DÁ UN PASO MÁIS NO OBXECTIVO DE DOTAR O SERGAS DE ALTA TECNOLOXÍA E RENOVARÁ, CUN INVESTIMENTO DE 4,6 MILLÓNS, EQUIPOS TECNOLÓXICOS DE HEMODINÁMICA

O departamento que dirixe Rocío Mosquera acaba de dar un paso máis na súa intención de dotar o Sergas da alta tecnoloxía necesaria para aumentar a calidade diagnóstica e asistencial, mellorar a dispoñibilidade do equipamento e atender de forma máis eficiente a demanda das probas diagnósticas e dos procedementos terapéuticos que empregan estas tecnoloxías.

A tal efecto, a Consellería de Sanidade deu a coñecer hoxe ao Consello da Xunta, a través dun informe, que a empresa Philips Ibérica, S.A., presentou a oferta máis vantaxosa do lote 2, no que se inclúe intervencionismo guiado por imaxe en cardioloxía, é dicir, varios equipos necesarios para os servizos de hemodinámica, por un total de 4.609.602 euros.

Cómpre lembrar que o contrato da alta tecnoloxía, que supón un investimento total de 88 millóns, permitirá mellorar a atención á cidadanía, poñer á disposición dos profesionais da saúde as últimas técnicas diagnósticas e terapéuticas, participar en programas de investigación e innovación de ámbito internacional e contar cunha plataforma avanzada de diagnóstico pola imaxe.

Non en van, esta iniciativa implica a renovación tecnolóxica existente e a incorporación do novo equipamento, co obxecto de aumentar a produtividade e a capacidade diagnóstica do Servizo Galego de Saúde.

